

BANDO

AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL 2021

Por Resolución da Alcaldía N.º 2021-0136 de data 27 de abril de 2021, acordouse abrir un prazo para a presentación de solicitudes para acceder as axudas de emerxencia social para o ano 2021 que contan con un crédito que ascende á cantidade de dezanove mil euros **(19.000,00 €)**.

As axudas podense solicitar dende o día **2 de maio de 2021 ata o día 1 de decembro de 2021**, no Departamento de Servizos Sociais do Concello da Capela.

De acordo co previsto no artigo 3 da Ordenanza Municipal Reguladora da Concesión de Axudas de Emerxencia Social poderán cubrir os seguintes tipo de gastos:

3.1 Necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección.

- a. Alimentación: produtos básicos.
- b. Roupas e/ou calzado.
- c. Produtos de aseo persoal e hixiene doméstica.

3.2 Cobertura de gastos médico-sanitarios e farmaceuticos, e gastos asociados ás axudas técnicas que precise unha persoa en situación de dependencia ou con discapacidade valorada, de carácter urgente e debidamente motivada.

3.3 Axuda oftalmolóxica e buco-dental (prescrito por persoal facultativo do sistema público de saúde). Non incluído o gasto no sistema público de saúde.

3.4 Gastos relacionados coa vivenda ou aloxamento:

Concello de A Capela

a. Gastos necesarios para conservar o uso da vivenda ou aloxamento, (situacións de emerxencia ou sinistro tales como incendio, inundación ou outras causas imprevisibles e/ou inevitables que obrigaran ao seu abandono).

b. Fianzas, mensualidades para alugueiro ou hipoteca

c. Auga, enerxía eléctrica, gas ou outras subministracións e/ou equipamentos esenciais.

d. Obras necesarias para a habitabilidade da vivenda.

I. Reparacións extraordinarias, urxente e necesarias para manter a vivenda en condicións de seguridade, hixiene e salubridade de carácter primario, sempre que a súa falta de atención puidese supor un risco para a súa vida e a súa saúde.

II. Instalacións de carácter básico que resulten imprescindibles para a subsistencia en condicións mínimas de habitabilidade da vivenda.

III. Gastos de mobiliario e/ou equipamento esencial e imprescindible.

IV. Adaptación funcional da vivenda para persoas que teñan recoñecida a condición de discapacidade; ou non tendo tal condición, teñan graves problemas de mobilidade, sempre que se trate de gastos non cubertos, ou non suficientemente, por outras axudas públicas, e sexan de primeira necesidade para o desenvolvemento da súa vida.

e. Aloxamento en residencia xeriátrica. Ata un máximo de 1.600,00 €/mes, sempre que a persoa usuaria aporte a súa pensión, ou o 50% nos casos de cónxuxe a cargo e compromiso de solicitar praza en residencia pública, en estancias superiores a dous meses.

h. Gastos de transporte. Por mor da dispersión xeográfica do Concello da Capela, e cando as circunstancias nas que a persoa usuaria precise trasladarse a un centro hospitalario, centro de saúde ou para calquer xestión administrativa e/ou xudicial fora do concello da Capela, e non exista transporte público para o desprazamento, aboarase a totalidade do transporte privado.

3.5 Gastos de carácter básico relativos á educación dos menores ou membros da unidade de convivencia en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas.

3.6 Outros gastos non relacionados, considerados de primeira e urxente necesidade, xustificado suficientemente no informe técnico elaborado ao efecto:



Concello de A Capela

- Aloxamento temporal por emerxencias: incendios, ruina, desfiuzamentos.

- Gastos de funeral.

NON son susceptibles desta axuda:

- Os gastos derivados de obrigacións tributarias e débedas coa Seguridade Social.

- Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de ordenanzas municipais.

- Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.

- Gastos non considerados de necesidade básica e/ou equipamento ou mobiliario non esencial (liñas de teléfono fixas ou móbiles, teléfonos (fixos ou móbiles), televisor ou microondas, entre outros)

O que se informa para xeral coñecemento

A Capela, 27 de abril de 2021

O Alcalde,

Manuel Meizoso López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

